

GOYA (1746-1828)

OBRA: O PARASOL

AUTOR: FRANCISCO DE GOYA Y LUCIENTES

CRONOLOXÍA: 1777

MATERIAL: Óleo sobre lenzo

MEDIDAS: 104 cm x 152 cm

LOCALIZACIÓN: Museo do Prado



CONTEXTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

Na segunda metade do S.XVIII en España déixase sentir o Neoclasicismo como reacción contra o Barroco e o Rococó. A Academia de Belas Artes de San Fernando en Madrid, creada en 1757 por Carlos III, será a encargada de difundir a estética oficial. Polo contrario, durante a primeira metade do S.XIX o estilo predominante en Europa será o Romanticismo, en clara oposición á arte oficial neoclásica, polo que o Romanticismo é identificado como unha arte revolucionaria en contacto coa sociedade, de denuncia da represión e da marxinación e a miseria da sociedade industrial.

A vida de Goya (Fuendetodos, Zaragoza, 1746 – Burdeos, 1828) abarca desde o reinado de Carlos III ata o de Fernando VII. Sitúase entre dúas épocas históricas: o Antigo Réxime e o Réxime Liberal; desde o Despotismo Ilustrado do rei-alcalde Carlos III ao absolutismo do rei Fernando VII. Abarca máis de cincuenta anos do S.XVIII e case trinta do XIX: unha época de grandes cambios políticos e sociais, e revolucións culturais non menos importantes nas artes, as letras e as ciencias. A súa vida sitúase nunha época de inestabilidade social e política, na que só un pequeno grupo de intelectuais se opoñía ao poder absolutista da monarquía borbónica e ao dogmatismo eclesiástico que aínda mantiña a Inquisición. A Ilustración, o impacto da Revolución Francesa (1789), a Guerra da Independencia (1808-1814) e a Restauración no trono do rei Fernando VII, así como o Trienio Liberal, a súa adhesión ás teses liberais e o exilio final en Burdeos co que coroa a súa traxectoria vital, marcan as etapas da súa intensa vida e Goya será testemuña destes cambios que marcarán profundamente a súa vida persoal e artística.

O estilo de Goya

Podemos definilo polas seguintes características:

- Predominio da cor sobre o debuxo. A diferenza dos pintores neoclásicos, contemporáneos seus, Goya é un colorista que utiliza unha rica paleta, sabiamente contrastada, que proporciona gran variedade de matices visuais. Ao longo da súa vida evoluciona desde as cores terrosas dos inicios, ás cores limpas e

cheas de luz da súa época de plenitude, para desembocar na utilización do negro nas súas últimas obras.

- Pincelada solta e desenfadada. Evoluciona desde a técnica precisa dos primeiros anos ata unha pincelada ampla e esvaecida, preimpresionista.
- Enfoque naturalista da realidade. Queda patente, por exemplo, nos seus retratos. Goya case nunca é neutral senón que opina sobre o retratado e mostra a súa simpatía ou antipatía pola personaxe. Na pintura de Goya os protagonistas son os homes e as mulleres. Atento observador da natureza humana, achega unha visión dos seres humanos na que critica frecuentemente as súas ambicións, crueldade, estupidez e paixóns. A súa extraordinaria imaxinación lévalle a deformar, en ocasións, a realidade, compracéndose no monstruoso e no fantástico.

Precursor de tendencias posteriores

Precede ao Romanticismo por algún dos seus temas, pola forma de expresar os sentimentos e por converter á masa popular en protagonista dalgunhas obras. Antecede ao Impresionismo pola pincelada solta e polo tratamento da luz. Intúe o Surrealismo cando reflicte o mundo inconsciente dos soños. Precede ao Expresionismo ao sacrificar a forma e o detalle en beneficio dos trazos expresivos do esencial, por exemplo nas Pinturas Negras.

Evolución estilística e significado da obra de Goya

Goya conviviu coa diversidade de estilos e correntes artísticas imperantes no seu tempo: Rococó, Neoclasicismo, Romanticismo, aínda que se algo o caracteriza é a súa personalísima e inclasificable achega á Historia da Arte. A súa linguaxe plástica non se limitou a unha tendencia ou estilo. Conviviu e formouse co Rococó, pero pronto buscará formas máis orixinais. Tampouco lle convenceu a tendencia neoclásica, de frío academicismo. Encaixou máis como pintor romántico, tanto pola súa narración emotiva da historia, como polas composicións dinámicas e o tratamento de luces e cores. A súa estética reflicte unha clara influencia velazqueña, sobre todo no tratamento da luz e a cor, de reflexos cambiantes, de destellos, de puntos de luz.

A grandeza de Goya, a súa xenialidade, estriba en que foi capaz de prescindir das pautas artísticas e estéticas da súa época, para intuir e investigar problemas plásticos e atopar novas solucións pictóricas, solucións que lle levaron ata as marxes da arte moderna. Goya creou un mundo visual persoal sen seguir nunca unha traxectoria lineal, cun tratamento libre e imaxinativo dos temas.

Valoración

No proceso de renovación da Arte que se inicia en Europa a mediados do S.XVIII a traxectoria artística de Goya representa un camiño único, orixinal e distinto a todo o que se faga na súa época, o dun artista tan libre e persoal que, indo moito máis lonxe que calquera outro pintor do seu tempo, inicia en solitario unha renovación de medios de expresión artística tan profunda e intensa que conseguirá adiantarse a todos os desenvolvementos posteriores da pintura. En 1792, Goya declara: *Non hai regras na pintura*, reclamando ante a Academia de San Fernando a liberdade do artista, definindo así un trazo fundamental do artista contemporáneo. A obra de Goya, á vez que síntese e culminación da obra pictórica dos grandes mestres barrocos (sobre todo Rembrandt e Velázquez), constitúe un inicio e un adiamento da maior parte das actitudes, técnicas e movementos artísticos que logo terán nome propio na historia da pintura dos SS.XIX e XX: Romanticismo, Realismo, Impresionismo, Expresionismo e Surrealismo.

COMENTARIO

O parasol é un cadro conservado no Museo do Prado que forma parte da serie de cartóns para a Real Fábrica de Tapices de Santa Bárbara, en concreto para a serie destinada á decoración do Infante don Carlos, entón Príncipe de Asturias, no Palacio Real do Prado. O tema elixido para esta obra, o galanteo entre dous mozos con parasol polo medio, era un lugar común na pintura galante do S.XVIII.

Como era habitual, Goya elixe unha escena costumista dentro do ambiente do pobo. Aparecen dúas figuras, unha rapaza vestida á moda francesa, e un criado dos que adoitaban acompañar as mulleres casadas de elevada posición social, vestido á moda dos *majos*, sen que a descrición do propio autor dilucide se a escena é de flirteo ou simple dama con criado, aínda que os estudos se inclinen pola cualificación de obra de galanteo. O parasol era un obxecto de moda na pintura de xénero do S.XVIII. Presente case sempre onde se atopaba unha muller e o seu cortexador ao aire libre, foi tan común que chegou a converterse nunha forma de identificar a galantería.

A orixinalidade de Goya hai que buscala na espontaneidade, realismo e naturalidade coa que fai aparecer a anécdota, a expresión dunha proximidade ao espectador que consegue co tamaño das figuras (nos cadriños de gabinete rococó son pequenas e rodeadas de natureza), a composición academicista, neoclásica, e sobre todo coa mirada directa da moza sorrindo ao espectador, a quen fai cómplice do posible galanteo. A moza, sedutora e convincente, mergúllase nunha discusión galante. O mozo do xubón vermello aparece curioso e case preocupado por protexer do sol á dama.

Na composición desenvolven un papel fundamental os matices da cor: o verde do parasol, o amarelo-ocre-marrón da chaqueta do cabaleiro, o vermello do chaleque e do tocado da moza, o azul do corpiño e o amarelo da saia. No branco da roupa que cobre a saia resalta a mancha negra do cadeliño, mentres que o ribete de pel fai resaltar a luminosa cor do abrigo. A pincelada é bastante disolta, sobre todo no cadeliño.

En canto á composición, as liñas de forza debuxan case un triángulo equilátero no que se enmarca a rapariga. Esta figura xeométrica expresa unha gran serenidade. Doutra banda, todas as miradas converxen no rostro da moza, matizado por unha sombra filtrada de suaves tons verdes creados pola cor do parasol. O óvalo da rapaza é unha elipse regular e nela crúzanse dúas diagonais determinadas pola dirección da mirada do mozo e a liña do muro da esquerda, cuxa perspectiva se forzou para que esta diagonal incida no buscado centro de atención do cadro, que se atopa na rapaza.

A cor neste cadro, do mesmo xeito que o de todos os cartóns para tapices, é luminoso e contrastado de vivos tons, como no resto dos cartóns, cun colorido, neste caso, no que destaca o estudo lumínico. A imaxe transmite frescura, como o sorriso sedutor da moza. En realidade, a Goya a escena sérvelle como pretexto para crear un cadro repleto de luz. De feito, o que máis parece interesarlle é o contraste entre a luz que se reflicte e a luz directa, entre o rostro da moza no que se reflicte a luz do parasol, e o do rapaz a pleno sol, respectivamente, todo na atmosfera dunha paisaxe máxica.

Coloca nun primeiro plano aos protagonistas, e consegue darlle profundidade á paisaxe mediante a silueta da árbore á dereita e a paisaxe esquemática como fondo. A paisaxe está feita a partir de liñas de fuga e suaves cores, case apastelados para o ceo e a masa arbórea, o que lle proporciona un agradable atractivo á imaxe. Trátase dun Goya novo, formado durante a época do Neoclásico, e con todo vese claramente que as ríxidas estruturas neoclásicas non rematan de encaixar co seu estilo e o seu carácter artístico, algo que se pode comprobar nos últimos tapices que realizou, nos que a crítica social ou a pobreza están presentes como temática: *O albanel ferido*, *A nevada*, *Os pobres na fonte*, nos que o ton e incluso o estilo son novedosos.

A Real Fábrica de Tapices foi creada por Felipe V con materiais e artistas de orixe flamenga, de gran tradición tapiceira. Porén o auxe desta fábrica tivo lugar durante o reinado de Carlos III, pois incorporou a pintores españois que introduxeron temas inspirados nas costumes e tradicións da realidade social

española. A Fábrica de Tapices tiña dúas direccións: unha técnica, encomendada a especialistas flamengos, o outra artística, que ostentaba un artista real de renome, como foi o caso de Mengs ou Sabatini. O sistema de traballo dos pintores era o seguinte: 1) O tema; 2) Realización do boceto para que fose aprobado; 3) O cartón definitivo dacordo coas medidas dadas.

A palabra *cartón* foi empregada para este tipo de obra porque *cartón* era a denominación habitual dun debuxo que servía como modelo. O *cartón para tapices* é o lenzo que serve de modelo aos mestres tapiceiros para facer exemplares definitivos. Existe unha evolución temática, de estilo e técnica, no conxunto dos cartóns que Goya pintou para a Real Fábrica desde 1775, en que foi contratado por influencia do seu cuñado Francisco Bayeu ata 1791-1792. Os seus primeiros cartóns son modelo de gracia, ricas cores e fermosas agrupacións e entonación coa paisaxe, que nos falan dun Goya amable e ledó, que pinta a vida amable, ao estilo do Rococó do S.XVIII.

A produción de Goya é rica e variada. O Prado posúe unha gran cantidade de obras que amosan case de maneira total a evolución, lenta e persoal, da súa sensibilidade, desde a pintura dos seus primeiros anos madrileños –os cartóns para tapices que dan o seu aspecto vivo, sensible e popular, matizado ás veces de ironía e de humor, aínda con algo de gracia rococó no seu tratamento- ata as sombrías e dramáticas *Pinturas negras* da súa vellez, que parecen anunciar tantas direccións da pintura contemporánea, pasando polos retratos oficiais, os cadros de historia e algunhas das súas creacións de maior empeño académico, a máis diso moitos retratos privados e cadriños menores, de carácter moi variado.

A súa labor como subministrador de cartóns para a Real Fábrica de Tapices, que foi a súa primeira ocupación madrileña, gárdase no Prado case na súa totalidade. Pode advertirse como ao longo de case vinte anos (1775-1792) Goya foi aproveitando esta obriga case artesá para ensaiar, harmonizar, variar composicións, observar e interpretar a realidade, isto é, como escola de pura pintura.